

## **Declaración Institucional da Corporación do Concello de Santiago**

Coñecida a sentenza que condena a sete anos de prisión ós veciños do barrio do Eixo don Jesús Montoiro Cepeda, don José Moreira Fernández e don Simón Márquez Valle, derivada dos autos de sumario 1/2000-rollo 51/2001 da Sección Sexta da Audiencia Provincial de A Coruña, con sede en Santiago de Compostela, o Pleno da Corporación Municipal solicita do Goberno do Estado o indulto dos devanditos cidadáns.

A petición de indulto se apoia en que concorren nos condenados os parámetros obxectivos que os fan merecentes de tal graza, como é a circunstancia de que nunca tiveron ningún tipo de problema coa xustiza, agás os feitos que deron lugar ós expresados autos.

Que se trata de persoas que velaron polos intereses xerais, especialmente pola mellora do barrio que habitan e polo fomento e desenvolvemento asociativo dos veciños.

Que a traxectoria e conduta social dos devanditos veciños condenados non representa ningún risco cidadán.

Que é coñecida a solidariedade que o barrio do Eixo, representado pola Asociación de Veciños “ Domingo Cepeda”, ven prestándolles como mostra de solidariedade.

Que se solicita o indulto dende a lembranza e consideración cara ós funcionarios públicos vítimas dos feitos.

Que os condenados xa fixeron efectiva as súas responsabilidades civís a favor do prexudicado, coa colaboración das achegas voluntarias dos cidadáns.

E porque esta Corporación considera que o cumprimento da pena imposta, non contribúe ó seu principal obxectivo que é a rehabilitación e que ocasionaría o desmembramento de tres familias moi apreciadas no seu contorno social.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2006

Don Francisco Candela Castrillo  
voceiro do PSdeG-PSOE

Don Néstor Rego Candamil  
voceiro do BNG

Don Ricardo García-Borregón Millán  
voceiro do PP